

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

Praza da Soidade 27001 Lugo

De martes a sábado: 10:00 a 13:30 e 16:00 a 20:30

Domingos e festivos: 10:00 a 15:00 Luns pechado


Dende o 13 de xuño ó 24 de agosto do 2025

Ruibal

Azul
Inmenso
Atlántico



MANOLO RUIBAL
"AZUL INMENSO ATLÁNTICO"



Manolo Ruibal *Azul inmenso Atlántico*

Manuel Ruibal (Pontevedra, 1942) fai a súa aparición na escea artística a mediados dos anos sesenta do século pasado. Desde entón consolidou un proxecto persoal e renovador que ten puntos de referencia primeirizos no Museo do Prado e nos grandes museos españois e europeos completando o seu periplo ao ritmo das xeografías que iba percorrendo polo mundo, que definirán, ao fin, a riqueza espiritual e cultural dunha linguaxe transversal que toca a pintura, o debuxo, a escultura, a instalación e a poesía.

París, Murcia, Xinebra, Roma, Mallorca, Madrid, Nova York e Pontevedra foron estadias fondas doutra xeografía cultural e social que axudaron a madurar o devandito proxecto, que evoluciona da neofiguración e o informalismo, das décadas dos 60 e 70, a un reduccionismo sígnico e xestual, próximo á mística zen, que eleva o vacío e o silencio dos espacios lingüísticos a unha condición poética que ten a súa orixe e fin na consideración da natureza.

Desde mediados dos 80, as árbores e a paisaxe, o mar, serán temas recurrentes no proceso analítico da súa pintura, en base a unha metodoloxía conceptual diseccionada como linguaxe elíptica, que deberemos descifrar na confrontación hermenéutica entre natureza e cultura.

En *Azul inmenso Atlántico*, nome que extraemos dun dos seus poemas, Ruibal revive os momentos intensos da natureza a través dos seus mares, facendo que o cotián se volva transcendente a través da observación e da imaxinación: *Amencer, atardecer e anoitecer sobre o mar de Galicia* 2016-2021, que, nesta cita, complementa coas instalacións *Pedras pintadas*, de diferentes períodos, dende 1982-2024, cantos rodados de orixe mariña, e coa derradeira serie *O debuxo na palabra* 2024-2025.

A mostra céntrase nun percorrido tan simbólico como real que o autor vive física e emocionalmente ao longo dos anos, desde que experimentara as súas primeiras experiencias informalistas e abstractas no mar de San Vicente, ao principiar os anos 70 do século pasado. Fermento paixoal lonxano que foi actualizando nun corpus tan vívido como dimensionado en termos estéticos, en forma de pintura e escultura ou instalación, na imaxe xestual dunha obra minimalista, que implica o tránsito romántico do tempo e da luz como elementos transformadores dunha natureza viva, fixada no instante da beleza creacional que definira Schelling e, xa antes, Kant intuira dende a autorreferencialidade e do pracer desinteresado.

Antón Castro

